



Sr. Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestructuras
Xunta de Galicia
Santiago de Compostela (España)

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa solicitude de información sobre os trámites de avaliación de impacto ambiental do

- *Anteproxecto planta de gasificación de biomasa de 2 Mw para produción de electricidade en Cervantes (As Nogais, Lugo) promovido por Gaélica Solar S.L. (clave 2009/0240),*
- *Anteproxecto planta biomasa forestal AXB Ordes Arzúa (Melide, A Coruña) promovido por Norvento Biomasa (clave 2009/0283),*

EXPÓN:

1. Que, como oportunamente sinalou a SGHN durante o proceso de información pública do Plan Galego de Acción fronte ó Cambio Climático, o programa de mitigación debera contemplar *“A utilización de biomasa para usos térmicos industriais só despois dunha auditoria enerxética e de gases de efecto invernadeiro (GEIs) que certifique un balance favorable no consumo de combustibles fósiles e emisións de GEIs considerando globalmente a recollida, transporte, preparación e combustión da biomasa.”*
2. Que calquera proxecto para o aproveitamento de fontes enerxéticas renovables, máxime se está financiada directa ou indirectamente con fondos públicos, debera demostrar obrigatoriamente uns efectos neutros ou positivos sobre a biodiversidade, os espazos naturais, e os aspectos socioeconómicos.
3. Que ningún dos dous proxectos sometidos a avaliación de impacto ambiental proporcionan dita información.

Por todo o cal

SOLICITA

1. Que a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental exisa ós promotores de ámbolos dous proxectos de aproveitamento de biomásas (claves 2009/0240 e 2009/0283) unha avaliación previa rigorosa da súa sostibilidade en termos de:
 - a. Redución real no consumo de combustibles fósiles (balance favorable de TEP xeneradas fronte as consumidas).
 - b. Redución real da liberación de gases de efecto invernadeiro (balance favorable inmisións-emisións de GEIs, non só de CO₂).
 - c. Efectos neutros ou positivos sobre a biodiversidade, os espazos naturais, e os aspectos socioeconómicos .

En Santiago de Compostela a 23 de xaneiro de 2010

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto